

PROGRAMA DE ACOLLIDA

ÍNDICE

1. Novas normas de organización e funcionamento
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.....
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.....

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Debido a COVID-19, vímonos na obriga de facer unha reorganización temporal no noso centro, na táboa destacamos as máis significativas.

Horario de entrada	Alumnado de Infantil e Primaria non transportado: 9:20h Alumnado transportado de Infantil e Primaria: 9:30h
Horario de saída	Alumnado de Infantil e Primaria non transportado: 14:20h Alumnado de Infantil e primaria transportado: 14:30h.
Espazo de recreo	Para alumnado de Infantil acondiciónáronse 4 zonas nas que o alumnado está acompañado dun mestre en cada unha. Ao alumnado de Primaria acondiciónáronse 11 zonas, acompañados por un mestre cada dúas zonas contiguas.
Gardas de entrada	Dos 21 mestres que imparten clase en Infantil e Primaria, 15 están esperando nas aulas aos alumnos/as, comprobando que se desinfecten ao entrar e mirándolle a temperatura. Os 6 restantes están facendo garda de entrada e acompañan ás aulas ao alumnado que vai chegando.
Acompañamento do alumnado	Os seis mestres organízanse para que o alumnado se incorpore correctamente a cada aula.
Titorías	As titorías realizaranse preferentemente por vía telefónica ou telemática. Excepcionalmente poderán ser presenciais respectando as medidas de seguridade.
Biblioteca	Este espazo en principio non está adicado as funcións propias da Biblioteca, sobre todo na hora do recreo, e pendente de establecer turnos para o seu funcionamento, que non superará o 50% do aforo. Este espazo utilízase para impartir a materia de relixión/valores.
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.
Circulación polo centro	A circulación sempre pola dereita seguindo as frechas de cor verde para entrar e vermellas para saír.
Actividades entre niveis	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel
Atención ao público nas horas lectivas	A atención ao público nas horas lectivas farase a través dunha ventá, xa que está prohibida a entrada ao centro a toda persoa allea.
Uso das instalacións do centro	As instalacións utilizaranse baixo solicitude e seguindo os correspondentes protocolos.

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

Antes do comezo do curso, leváronse a cabo as reunións de todas as titorías, nas que se explicaron as medidas que segue o centro para desenvolver as normas de seguridade. Estas reunións tiveron lugar en diferentes espazos para poder manter a distancia entre as familias de 1,5 metros. (so podía asistir un membro por familia. O uso de máscara era obrigatorio. Ademais convocáronse repartidas en dous días.

As datas e horas reflíctense na seguinte táboa

INFANTIL A	8/09(2020	16:30h
INFANTIL B	9/09(2020	16:30
INFANTIL C	9/09/2020	16:30h
INFANTIL D	8/09/2020	16:30
1º	8/09/2020	18:30h
2º A	9/09/2020	17:30h
2º B	8/09/2020	18:30h
3º A	9/09/2020	18:30h
3º B	9/09/2020	18:30h
4º A	8/09/2020	19.30h
4º B	8/09/2020	19.30h
5º	9/09/2020	19.30h
6º A	8/09/2020	19.30h
6º B	9/09/2020	19.30h

2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

Formamos o Equipo COVID que actuará coma referencia para a comunidade educativa. Ademais temos un espazo de illamento COVID ao que se levarán a aquelas persoas que presenten síntomas desta enfermidade mentres se xestiona o seu traslado. Neste espazo dispónse de material COVID (luvas, termómetros, máscaras, xel hidroalcohólico..)

As actuacións de prevención perseguirán os seguintes obxectivos:

-Evitar aglomeracións

- Controlar as entradas e saídas do alumnado.
- Organizar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos.

-Distancia social

• Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible. Que no noso caso gardamos a distancia de 1,5 metros.

- Evitar situacións de contacto físico.

-Responsabilidade individual

• O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa COVID.

• As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa COVID; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

HIXIENE

-Hixiene xeral do centro

- Persoa de limpeza desde ás 9:00h ata as 14:30h
- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces pola mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola mañá e pola tarde..
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas e outros espazos.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

-Hixiene persoal

• Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas entradas ao colexio e nas aulas, ademais do que terá cada alumno no seu estoxo . Tamén disporán de xabón líquido nos baños.

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

-Rutinas de responsabilidade individual

• Limpeza de elementos compartidos: a comunidade educativa ten que concienciarse da necesidade de desinfectar os equipos e materiais que empregue antes e despois do seu uso. Para iso disporá de produtos de desinfección e limpeza proporcionados polo centro.

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

- Limpeza de elementos propios de traballo: cada membro da comunidade educativa ten os seus elementos persoais de traballo e debe encargarse da súa desinfección periódica. Así deberá limpar a miúdo, por exemplo, a mesa de traballo, a súa cadeira, bolígrafos..., ademais do traballo específico realizado polo persoal de limpeza.

-Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Toallas desinfectantes: en todas as aulas.
- Solución desinfectante: nas aulas.

PROTECCIÓN

-Uso de máscara

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas e recomendado para educación infantil.

-Pantallas• Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

Aplicación EDUCOVID na que se rexistrarán todos os expedientes e se fará un seguimento en colaboración coa área de sanidade de todo o que vai sucedendo no centro relacionado con casos e contaxios que se poidan dar no centro.

Asesoramento e colaboración co centro de saúde ao que está asociado o centro, Centro de saúde de Noia e dous facultativos asignados ao noso centro.

3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na COVID 19, así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Durante as primeiras semanas de clase cada profesor/a familiarizará ao alumnado co funcionamento da súa aula virtual. A formación básica que un alumno/a(ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

-Acceso á aula virtual obrigatorio dende 3º educación primaria.

-Acceso á aula virtual de infantil a 6º de primaria e a EVA –Edixgal, 5º e 6º de primaria.

-Acceso aos diferentes cursos / áreas ...

- Temos que formar ao noso alumnado para que busque información científica e contrastada arredor da enfermidade e non se deixe levar p
- bito das emocións a través das posibilidades que nos ofertan desde a Consellería participaor falsas informacións que a miúdo aparecen nas redes.

O profesorado formarémonos no ámndo en Contratos- Programa na liña EDUEMOCIONA desenvolvendo accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade e

-Envío de tarefas a través da aula virtual

Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta (nube, vídeo, documentos) de 3º a 6º de primaria.

Consulta de cualificacións e comentarios.

-Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual e de EVA.

- O coordinador de TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual, comunicación coa UAC, co responsable Abalar de zona, divulgación de accións de formación...Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación AbalarMóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.

- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa:
ceip.alexandre.cadarso@edu.xunta.es

Teléfono para comunicación directa e inmediata.

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

Todo o profesorado do centro fará unha formación no uso de ferramentas tecnolóxicas, dous niveis iniciación e perfeccionamento.

4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

Estamos vivindo unha situación que nos cambiou a forma de relacionarnos, é difícil saber como se sinten os demais, xa que a expresión que nos ocultan as máscaras impídenos descubrir as emocións

Tanto as máscaras como o distanciamento social non deben impedir que sexamos capaces de chegar ao noso alumnado e de conseguir que nos transmitan as súas emocións, por iso facilitaremos que opinen, que aporten solucións, e dicir facelos partícipes das medidas adoptadas para evitar contaxios. Isto fará que se sintan cerca de nós.

Tanto para mestres como para o alumnado supón un cambio enorme na interacción habitual e require educativa que redunde no benestar emocional, persoal-social e na súa calidade de vida, así como para o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima e a dun tratamento específico nas aulas.

A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta.

- Deberemos facer ver aos nenos que estar afectado polo virus ou ser sospeitoso de padecelo non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, procurando apoiar e coidar emocionalmente do compañeiro/a.

empatía, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecementos das propias.

Ademais seguiremos empregando co noso alumnado os recursos que forman parte do Programa de Educación Responsable que estamos a levar a cabo no centro dende fai catro cursos e no que traballamos a educación emocional, social e da creatividade aspectos todos eles esenciais no momento actual que nos toca vivir.